

---

# REGULAMENTO AUTONÓMICO DE PERCORRIDOS DE CAZA CON ARCO

---

## 1.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

A finalidade dos Campionatos Galegos de Caza con Arco é a de promover e valorar o espírito deportivo do participante, cazador ou non, as súas calidades e coñecemento, así como a educación venatoria do mesmo, e a habilidade no manexo do arco, mediante unha competición de alto nivel que poña de manifesto os aspectos educativos e técnicos da caza, e que aspire ao ensino dos participantes, cazadores ou non, respectando a natureza e a súa contorna.

As probas dos campionatos rexeranse polas normas contidas neste Regulamento.

Na convocatoria anual a Federación Galega de Caza poderá emitir normas técnicas ou de organización complementarias.

Convocadas as probas, non poderán ser alteradas as bases das mesmas, para o Campionato a que se refiran.

A Federación Galega de Caza será o único organismo competente para resolver cantas incidencias xurdan nestes campionatos.

A tal fin, poderá auxiliarse da Comisión Técnica correspondente.

## 2.- REALIZACIÓN DO CAMPIONATO

Os Campionatos de Caza con Arco baséanse nas Normas de Caza vixentes en España sobre Fauna Ibérica.

Os Campionatos de Caza con Arco, na súa modalidade de Percorridos de Caza poderá comprender os niveis Social, Comarcal, Provincial e Autonómico.

As diferentes probas dos campionatos regularanse con arranxo a este Regulamento e ás normas concordantes que cada ano emita a Federación Galega de Caza, para as competicións de nivel Comarcal, Social, provincial e autonómico dentro do ámbito das súas competencias.

A Federación Galega de Caza será a encargada de elaborar as normas reguladoras de cada tempada e publicitalas.

As probas de Percorridos de Caza poderanse realizar sobre dianas tridimensionais (3D), móbiles ou fixas, siluetas de animais (2D) e parapetos apropiados para deter as frechas vaian equipadas estas con punta de caza ou non.

A Organización dos Campionatos en cada un dos seus niveis estará obrigada a subscribir unha póliza de seguros para cubrir a responsabilidade por danos en que puidese incurrir como tal organizadora.

### 1.- NIVEL SOCIAL E COMARCAL

Esta proba organízase por cada sociedade federada de cazadores, entre os socios que reúnan os requisitos que dita sociedade determine. Para o nivel social e comarcal prepararanse propostas de competición individuais e comúns, as individuais prepararanas os participantes repartidos en cuadrillas e as comúns entre todos os participantes. Posteriormente formaranse os grupos de competición dentro dos cales irá, polo menos, un participante de cada cuadrilla de formación de proposta, que será quen realice a proposta en último lugar, sendo xulgado por outro participante e quen explique e xulgue a proposta que preparou aos seus compañeiros de grupo de competición.

O número máximo de puntos en xogo nas propostas individuais é de 50 e o mínimo de 40 para que non existan vantaxes na preparación das propostas. As propostas comúns non teñen límite de puntuación.

### 2.- NIVEL PROVINCIAL

O primeiro clasificado ostentará o título de Campión Provincial, ata o seguinte campionato provincial que se celebre, onde poderá defender o seu título. Nas competicións haberá un (1) xuíz principal nomeado pola Federación Galega de Caza que será o responsable da proba e delegará noutros tiradores que actuarán como xuíces auxiliares.

Desta proba levantarase a acta correspondente, con relación de participantes e resultado clasificatorio, que será enviada á súa Federación Autonómica, de forma inmediata.

A acta de clasificación da proba incluírá necesariamente a relación dos xuíces intervinientes. Os xuíces, independentemente da súa categoría, deberán estar inscritos nos listados de Xuíces Árbitros da Federación Galega de Caza.

### 3.- CAMPIONATO GALEGO

Este campionato organizarase pola Federación Galega de Caza, o campionato galego será de participación libre.

Nas competicións haberá un (1) xuíz principal nomeado pola Federación Galega de Caza que será o responsable da proba e delegará noutros tiradores que actuarán como xuíces auxiliares.

O primeiro clasificado ostentará o título de Campión Galego desde a data desta proba ata o seguinte Campionato Galego que se celebre, onde poderá defender o seu título.

Esta proba levantarase a acta correspondente, con relación de participantes e resultado clasificatorio, que será enviada ao órgano competente a nivel nacional, de forma inmediata.

A acta de clasificación da proba incluírá necesariamente a relación dos xuíces intervenientes. Os xuíces, independentemente da súa categoría, deberán estar inscritos nos listados de Xuíces Árbitros da Federación Galega de Caza.

A puntuación das competicións que se leven a cabo en Galicia suporán que o primeiro clasificado obteña 14 puntos, o segundo 11, o terceiro 9, o cuarto 7, quinto 6, sexto 5, sétimo 4, oitavo 3, noveno 2, e o décimo 1. A suma dos puntos das distintas competicións puntuables determinará os postos dos campións galegos. O Campionato Galego será unha proba obrigatoria. De entre as competicións puntuables tomaranse os 3 mellores resultados de cada participante.

En caso de empate decidirase pola mellor ou mellores clasificacións conseguidas nas distintas probas. De persistir o empate primará a puntuación obtida no campionato galego

### 3.- CONDICIÓN PARA TOMAR PARTE NA PROBA

Os participantes deberán acreditar, para intervir nestes Campionatos, que reúnen os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión da Tarxeta Federativa da Federación Galega de Caza que inclúa cobertura de Seguro por danos propios e responsabilidade civil obrigatoria.
- b) Non estar sancionado nin expedientado no momento da proba.
- c) Participarase representando a un clube federado

#### CATEGORÍAS E CLASES DE ARCO

En cada convocatoria para o Campionato Galego estableceranse as Categorías que poden participar, establecéndose como segue:

##### A) CATEGORÍAS:

\* CADETE: Todo participante cuxo arco non supere as 35 libras para homes e 30 libras para damas, e que ademais non supere a idade de 14 anos antes da convocatoria da Competición, competindo na categoría na que se clasifique nos Campionatos previos.

En caso de participación de cadetes cuxo arco supere as 35 libras de potencia para homes e 30 libras para damas, participasen na Competición na categoría de JUNIOR.

\* JUNIOR. Todo participante maior de 14 anos e cuxo arco supere as 35 libras para homes e 30 para damas, e que ademais non supere os 18 anos antes da convocatoria da Competición, competindo na categoría na que se clasifique nos Campionatos previos.

En caso de participación de JUNIOR cuxo arco supere as 45 libras de potencia participasen na Competición na categoría de SENIOR que corresponda.

\* SENIOR DAMAS: Mulleres maiores de dezaioito (18) anos anterior á convocatoria da Competición, competindo na categoría na que se clasifique nos Campionatos previos. Se na competición hai dúas ou mais damas da mesma clase de arco, dividirase a categoría de Damas en arco asistido e arco tradicional.

\* SENIOR HOMES: Varóns maiores de dezaioito (18) anos anterior á convocatoria da Competición, competindo na categoría na que se clasifique nos Campionatos previos.

\* VETERANOS: Participantes con idade a partir dos sesenta e cinco (65) anos e un día, cumpridos á celebración da proba.

##### B) CLASE DE ARCO:

\* ASISTIDO: Arcos servidos de calquera elemento de axuda

\* TRADICIONAL: Arcos recurvados, *monoblock* ou desmontables, exentos de elementos de axuda. Dentro de esta clase englobase o LONG BOW: Arcos longos exentos de elementos de axuda.

### 4.- ESPECIFICACIONES DE MATERIAL

#### 1.- DOS ARCOS

a) Consideraranse regulamentarios: Todos os tipos de arcos de caza de poleas; os arcos longos (*long bow*) ou recurvados cuxo compoñente principal sexa a madeira e os recurvados de aliaxe de aluminio, carbono, etc (aínda cando poidan levar incrustados motivos ou adornos doutro material).

b) Establécense como potencias mínimas:

- 45 libras (20,45 kg) para os participantes da categoría senior homes.

- 35 libras (15,91 kg) para os participantes da categoría senior damas.
- 30 libras (13,64 kg) para os participantes da categoría júnior damas.
- 35 libras (15,91 kg) para os participantes da categoría júnior homes.
- Non se observará potencia mínima para os participantes da categoría de cadetes e veteranos.

c) A potencia do arco medírase á apertura do arqueiro. A precisión do dinamómetro será estimada en  $\leq 2$  libras.

d) O proceso de apertura do arco debe de realizarse manualmente, o participante poderá estar asistido unicamente de disparador para levalo a efecto.

e) Considerarase regulamentario a utilización de elementos de puntería con excepción daqueles que utilicen láser, ou calquera outro que axude ao cálculo da distancia artificialmente.

f) Os arcos asistidos poderán portar elementos estabilizadores mimetizados, que non excederán en ningún caso de 30 cm. de lonxitude.

## 2.- DAS FRECHAS

a) Está permitida a competición con frechas de calquera tipo de material. O participante portará as frechas que sexan necesarias para levar a cabo a competición.

b) Para as competicións sobre caza real, as puntas de frecha serán as axeitadas para o tipo de caza. Nas competicións sobre dianas tridimensionais, as puntas de frecha regulamentarias serán aquelas que se empregan como "puntas de adestramento" ou de tiro deportivo (oxivais, sen ningún tipo de aletas nin aditivos), non entanto, a Organización poderá determinar o uso de puntas para caza maior ou menor para determinadas probas.

As puntas de caza maior han de ter polo menos dous fios con cortes non inferiores a 30 milímetros de lonxitude e o seu ancho máximo de corte deberá poder inscribirse nun círculo de, polo menos, 25 milímetros de diámetro.

c) As frechas con emplumado tipo *flu-flu* só poderán empregarse naquelas propostas indicadas pola Organización. As frechas *Flu-Flu* portarán un número de plumas non inferior a catro cun ancho total do emplumado que deberá inscribirse nun círculo de, polo menos, 60 milímetros de diámetro debendo contar así mesmo cun longo mínimo de 80 milímetros.

Cando a Organización determine o uso deste tipo de frechas indicará así mesmo a punta que deben portar, que serán de impacto - *rubberblunt*; arame con peiraos - *judo*-; aros de arame- *snow*- cuxos aros non aportarán á punta de caza un diámetro total superior a 20 centímetros; puntas de retención con *field - stoppers*-.

O uso de coitelas de caza nunha proba requirirá dunha especial observancia da seguridade na proposta. Permítese calquera modelo considerado de caza non retráctil. Os nenos menores de 14 anos farán esta proba con puntas normais.

d) As frechas deberán estar identificadas co D.N.I. do participante. O marcaxe será realizada no tubo

## 3.- OUTROS ELEMENTOS

Considerarase regulamentario o emprego de calquera tipo de alxaba. Será penalizado o participante que porte frechas fora da alxaba.

Ao comezo da proba ou no momento da inscrición dos participantes, os Xuíces de Zona, asistidos polo Delegado Técnico, poderán revisar o material que han de portar os participantes ao longo da competición. Non obstante, a criterio do Delegado Técnico, esa revisión poderá facerse de forma aleatoria, igualmente, durante o desenvolvemento da competición aínda cando xa fose revisado na inscrición.

Cando o material a empregar non cumpra as condicións descritas, ou se apreciase cambio de material que non cumpra as normas, unha vez fose revisado, o participante será descalificado.

## **5.- DESENVOLVEMENTO DA PROBA**

### 1.- DISPOSICIONS XERAIS

A competición consiste na execución dunha serie de exercicios por parte do competidor, nos que terá que resolver unha determinada situación de caza; as situacións de caza simulada entenderanse sempre como situacións reais, tendo que actuar en consecuencia. En tódalas situacións de caza simulada utilizaranse dianas tridimensionais e/ou siluetas de animais de caza maior ou menor, pertencentes á Fauna Ibérica ou outras faunas, que poderán estar en movemento ou non, sobre as que o participante terá que disparar as súas frechas dende posicións preestablecidas. O participante será en todo momento observado e auxiliado por un Xuíz de Zona. No caso de que o exercicio contase cun tempo para a súa execución, o Xuíz levará un cronómetro co que controlará o tempo investido polo participante na realización do mesmo.

A competición constará dun mínimo de cinco (5) propostas ou exercicios de caza diferentes distribuídos en distintas zonas e un máximo de dez (10), non podendo repetirse en ningún caso una mesma zona.

A planificación dos diferentes exercicios correrá a cargo da organización da proba, que en todo momento tratará de que os exercicios sexan áxiles, divertidos e veraces. O Director da proba supervisará con antelación suficiente que se cumpran os condicionantes mencionados.

Se habilitará unha "zona fría" retirada das demais zonas onde os participantes poderán facer prácticas de tiro, quecemento e todas aquelas operacións que cos seus arcos estimen oportunas tendo en conta as regulacións que para o material quedan establecidas neste Regulamento.

Co fin de igualar as posibilidades entre aqueles participantes que utilizan o tiro instintivo e aqueles outros que prefiren un sistema de axuda para a puntería e/ou disparo, procurarase configurar algunhas propostas que equilibren o resultado final como poden ser as cronometradas nas que poidan dispararse frechas a discreción ou as de movemento sempre que se atenda a condición de iniciar o exercicio co arco sen tensar e en posición de descanso.

A Organización mostrará ao Delegado Técnico, que dará o seu visto bo, cada unha das Propostas establecidas e este á súa vez, farao cos Xuíces de cada unha das zonas, individualmente ou de forma conxunta.

Formadas patrullas, distribuiranse polas distintas Zonas, acompañadas, cada unha, polo Xuíz de cada Zona, iniciándose a proba ao unísono. Unha vez que os compoñentes de cada Patrulla finalicen a Zona, pasarán a indicación do Xuíz de Zona ou do Delegado Técnico, a outra que se atope libre. Patrulla finalizaría a competición cando todos os seus compoñentes completen a totalidade das Propostas.

Nos Campionatos onde participen varios membros dun mesmo Club, poderán nomear un único representante como interlocutor entre eles denominado Xefe de Patrulla, a Organización para posibles reclamacións.

## 2.- INSCRIPCIÓN

Ao formalizar a inscrición, o participante recibirá un dorsal e a tarxeta de puntuación na que cada Xuíz de Zona anotará os resultados de cada exercicio realizado. Non obstante, a Organización pode considerar o entregar as tarxetas de puntuación de todas patrullas a cada un dos Xuíces de Zona que a portarán e a custodiarán ata a súa entrega.

Preferiblemente, entregárase a cada participante un informe no que se detallarán as características de cada unha das Zonas e o tempo de que se dispón en cada unha das Propostas si fosen cronometradas

## 3.- PATRULLAS

Unha vez finalizada a inscrición de cada un dos participantes, dividirase o número de inscritos polo número de Propostas, formándose un número de Patrullas igual, ao resultado de devandita división.

Os compoñentes de cada Patrulla terán que realizar xuntos a totalidade das Zonas salvo que por necesidade de asistencia técnica ou médica algún participante teña que abandonala momentaneamente. Neste caso, estará acompañado en todo momento por un Xuíz reserva ou un membro da Organización.

## 4.- AS PROPOSTAS

As propostas comúns deberán ser coñecidas con anterioridade por todas as patrullas.

Basicamente existen dous tipos de exercicios; os libres e os cronometrados.

Os exercicios libres serán aqueles nos que o participante deberá resolver unha determinada situación, disparando sobre unha ou varias dianas con ou sen movemento, desde un ou varios postos de tiro, un número limitado de frechas, seguindo unha orde preestablecida, se así o indica a letra da proposta. En caso de non indicalo, o participante poderá establecer a orde que estime oportuna.

A distancia de tiro para tódalas propostas será de 0 a 30 metros, excepto en asexo. Tódolos participantes tirarán dende o mesmo lugar. Nas propostas cronometradas os xuíces pararán o tempo aos menores de 14 anos.

Cando se trate de disparar a dianas en movemento, a posición de partida será forzosamente co arco en posición de descanso, frecha montada e a corda sen tensar.

Os exercicios cronometrados serán aqueles nos que o participante deberá resolver unha determinada situación, disparando sobre unha ou varias dianas con ou sen movemento, desde un ou varios postos de tiro, un número de frechas determinado ou non, pero dentro dun período de tempo establecido.

A Organización determinará para cada proposta a forma de inicio e fin da proba no caso de exercicios cronometrados.

Os postos de tiro estarán claramente sinalizados con marcas no chan. Se unha Zona tivese máis dun posto de tiro, serán visibles cada un deles desde o anterior por medio de marcas ou banderines de cor rechamante

#### 5.- DEFINICIONES: ZONAS DE TIRO, AXEXOS, DESCASTES

A.- AXEXO EN ZONA: O participante entrará na zona que estará delimitada, podendo percorrela libremente sen traspasar o seu límite.

Terá prohibido durante o seu percorrido:

- a. Disparar a unha diana desde unha distancia inferior a 5 metros.
- b. Disparar sobre unha peza que exceda completamente ou que obrigue a efectuar un xiro cara atrás do corpo (peza pasada).
- c. Non observar as normas de seguridade disparando cara a zonas de público ou participantes.

Ao tratarse de "axexar" a unha peza, poderá levar a frecha montada desde a entrada en zona.

B.- AXEXO SOBRE CINTA DE DEMARCACIÓN: O participante desenvolverá o exercicio polo lado da cinta que se lle indique e próximo a ela poderá percorrela en toda a súa lonxitude. Terá prohibido retroceder, dar pasos atrás, ou disparar sobre unha peza que exceda completamente ou que obrigue a efectuar un xiro cara atrás do corpo (peza pasada). Poderá, non obstante, pivotar sobre un dos seus pés.

Ao "axexar" unha peza, poderá levar a frecha montada desde o inicio da cinta.

C.- DESCASTE: Será considerado como a erradicación da especie ou especies que contemple a proposta sen diferenciar sexos.

D.- ZONA OU POSTO DE TIRO: É a zona delimitada dende a que o participante efectuará os disparos. Poderá colocarse no lugar da mesma que considere máis idóneo, salvo que a Proposta indique outras directrices. Non poderá traspasala.

E.- ZONA DE LIBRE ELECCIÓN: Poden existir exercicios onde o participante, partindo dunha zona ou posto, deba calcular a distancia cara a unha diana en concreto.

Dende o punto por el calculado (zona de libre elección) efectuará os disparos.

F.- ZONAS DE CAZA: Un mesmo exercicio poderá presentar diferentes zonas de caza ás que o participante poderá ir accedendo logo de superar as anteriores. En todas elas existirá unha zona ou posto de tiro salvo que a letra da Proposta indique outro procedemento.

G.- ZONA DE ESPERA: Existirán dúas zonas de espera para o inicio e final do exercicio. Na primeira, os participantes deberán agardar a quenda que lles corresponda e nela recibirán as instrucións do Xuíz, en caso de non contar cun informe explicativo do exercicio, e a segunda será o lugar onde se concentrarán para esperar á finalización de toda patrulla. En ningunha delas poderán ter contacto co público que presenza a proba salvo autorización do Xuíz da Zona.

H.- LÍNEA OU PICA DE SAÍDA: Lugar dende onde o participante iniciase o seu exercicio.

#### 6.- DESENVOLVEMENTO DO EXERCICIO

Cada Zona será explicada brevemente polo Xuíz da mesma a Patrulla ao completo sempre que os participantes non contasen con informe explicativo da mesma. O exercicio iniciárase cando o participante chegue á liña ou pica de saída, momento no que o Xuíz de Zona porá en marcha o cronómetro, se a Proposta conta con tempo. Dende esa liña ou pica de saída o participante partirá cara á zona, posto, etc. Segundo o requirimento de cada exercicio o participante poderá desprazarse dentro da zona, sobre a cinta de demarcación, situarse no posto de tiro, etc., e en ningún caso poderá montar a frecha no arco e prepararse para o disparo ata non alcanzar a zona, a cinta de demarcación, o posto de tiro, etc. Sempre estará acompañado, a unha prudente distancia, polo Xuíz da Zona que observará as súas evolucións. Cando o participante dispare a súa última frecha ou considere que se esgota o seu tempo, dirá con voz forte "STOP" ante o que o Xuíz da Zona parará o cronómetro, ensinando o tempo que marca ao participante.

Acto seguido, o Xuíz de Zona ou persoa ao efecto, acompañado do participante, percorrera a zona puntuando na tarxeta cada disparo efectuado por aquel e o tempo empregado así como as penalizacións, se as houbera. Finalizada a puntuación, asinará a tarxeta e ofrecerá ao participante para que á súa vez a firme, ordenando a este que retire as frechas impactadas.

Finalizado o exercicio, o participante dirixirase ao lugar de espera sinalado polo Xuíz da Zona, onde agardará á finalización do exercicio de todos os compoñentes da súa Patrulla.

#### **6.- CONDICIONANTES**

1.- Os participantes atenderán en todo momento ás explicacións do Xuíz de Zona sobre o xeito de realizar o exercicio, tempos con que contan, número de frechas a disparar se procede, sempre que esta información non lles fose facilitada por escrito ao comezo da proba pola organización, lugares de espera, etc.

- 2.- O participante, antes de realizar o exercicio haberá de situarse seguindo as indicacións dadas polo Xuíz de Zona. Soamente poderá sacar a frecha da alxaba e montala no arco cando efectúe o disparo, salvo que o tipo de proposta o permita, e se atope dentro da zona ou posto de tiro, independentemente de cando dea comezo o tempo da Proposta ou pasada a liña ou pica de saída.
- 3.- Finalizado o exercicio, en compañía do Xuíz de Zona ou persoa ao efecto, percorreren a mesma con obxecto de puntuar os disparos realizados. O participante non poderá tocar as frechas impactadas ou caídas ata que non lle indique o Xuíz de Zona e non lle estará permitida a procura de frechas perdidas ata que toda patrulla realice o exercicio. Finalizada a puntuación, o participante, se o desexa, asina a tarxeta en compañía do Xuíz.
- 4.- En todo momento da competición, o participante deberá levar consigo a documentación necesaria e requirida por este Regulamento. Así mesmo, o seu dorsal deberá estar visible mentres dure a proba.
- 5.- As frechas deberán estar sempre protexidas dentro da alxaba e o concursante deberá portar as suficientes para terminar a Competición.
- 6.- Considerarase disparada a frecha que salga do arco unha vez colocada nel para o disparo e perda o contacto co mesmo e co arquiteiro. Non se considerará disparada a frecha que voluntariamente sexa apartada polo participante que observe na mesma algunha anomalía, sempre que o indique ao Xuíz de Zona.
- 7.- Cando durante o exercicio se producise a rotura do arco ou dalgún dos seus compoñentes, o participante deixará a zona, acompañado por unha Xuíz reserva ou un membro da Organización e dispoñerá dun tempo de 30 minutos para a súa posible reparación, podendo reincorporarse á zona de espera dos participantes que completaron o exercicio sexan ou non da súa Patrulla, en calquera momento dentro dese tempo. A puntuación obtida na zona será a suma dos puntos logrados ata a retirada. Transcorrido o tempo indicado sen presentarse ao Xuíz de Zona, este comunicará ao Delegado Técnico a circunstancia dando por finalizada a súa participación no Campionato cos puntos obtidos ata ese momento.
- 8.- Se un participante necesita reincorporarse á súa patrulla por causa de asistencia médica ou o previsto no Art. anterior e se produce nunha Patrulla distinta, ha de alcanzar á súa para o que os Xuíces das distintas zonas facilitaránlle o adianto da súa participación con respecto aos que estivesen esperando quenda.
- 9.- Ningún participante poderá rexeitar unha Zona. É dicir, negarse a comezar o exercicio da mesma ou non finalizalo unha vez comezado, amosando unha actitude manifestamente antideportiva de non desexar resolvelo con obxecto de non ser penalizado por disparos dificultosos ou calquera outro motivo, non amosando o comportamento deportivo agardado, en especial en situacións onde a letra da Proposta indique claramente a obrigatoriedade de disparar un determinado número de frechas nun tempo previsto.
- 10.- Se durante o exercicio, unha diana cae ao chan antes de que a frecha disparada a alcance, o participante terá dereito a repetir o exercicio completo si é cronometrado, ou a partir do momento no que se ía a producir a solta, si o exercicio é libre.
- 11.- Se unha diana cae ao chan e a frecha ou frechas cravadas se desprenden e non se pode determinar os puntos de impacto, procederase de igual xeito que no Art. anterior.
- 12.- Está prohibido o uso de móbiles sen autorización durante a competición

## 7.- PUNTUACIÓN

1. A puntuación de tiro será a suma aritmética dos puntos reflectidos polo impacto das frechas que queden cravadas nas dianas e daquelas bonificacións ou penalizacións en que puidese obter ou incorrer o participante en cada exercicio.

A Organización poderá establecer zonas especiais de puntuación, que han de ser coñecidas polo participante, en función dos exercicios a realizar. Esas zonas especiais estarán marcadas de forma visible para o participante. No caso de que en determinadas propostas aparecesen dianas de espuma con siluetas de caza maior ou menor, só serán puntuables en forma e xeito que determine a Organización. O Xuíz ou persoa da Organización que se lle asigne, deberá parchear a diana finalizada a actuación de cada participante.

2. Establécense como zonas de puntuación de cada diana as seguintes:

- **10 puntos** para a zona máis pequena no área do corazón. (Algunhas dianas poden presentar dous círculos concéntricos nesta área, ambos serán considerados como zona de corazón).

- **7 puntos** para a zona contigua que rodea a anterior - área de pulmón -.

- **3 puntos** para o resto do animal.

b) CAZA MENOR:



- **10 puntos** para a zona máis pequena no área do corazón. (Algunhas dianas poden presentar dous círculos concéntricos nesta área, ambos serán considerados como zona de corazón).
- **7 puntos** para a zona contigua que rodea a anterior - área de pulmón -.
- **3 puntos** el resto do animal.

Poderán aparecer en determinadas propostas dianas de caza maior ou menor de escuma que obrigatoriamente terán marcadas as zonas de puntuación anteriormente descritas. No caso de que esas zonas non estivesen marcadas, o impacto na diana será considerado como 10 puntos. Este tipo de diana será autosuficiente para deter unha frecha.

Nas dianas 3D que presenten zonas de puntuación en costado, costas e/ou peito, só será considerado o impacto en zona de puntuación que estea claramente en dirección á posición do arqueiro. zona ou posto de tiro. Será puntuable en calquera das súas zonas cando se trate de AXEXO e o participante poida percorrer interiormente a zona.

Só a letra da Proposta poderá modificar esta puntuación e ha de ser coñecida por todos os participantes antes do comezo da Zona.

## 8.- PENALIZACIÓNS

- 1.- Será penalizada con (-10 puntos) a frecha impactada nunha diana non impactable sempre que non se trate de dianas de especies contempladas no Art. 10.11 deste Regulamento.
- 2.- En exercicios con tempo limitado, penalizarase con (-1 punto) por cada segundo, desprezando as fraccións, que exceda o tempo indicado.
- 3.- Será penalizado con (-10 puntos) cada vez que saque unha frecha da alxaba fóra dos lugares permitidos.
- 4.- Penalizarase con (-10 puntos) cada vez que o participante toque as dianas ou frechas impactadas sen a autorización do Xuíz de zona.
- 5.- Será penalizado con (-10 puntos) aquel participante que traspasase a liña, posto ou delimitación da zona de tiro ou de caza.
  - a) Será penalizado con (-10 puntos) aquel participante que retroceda ou dea pasos cara atrás cando se trate dun axexo sobre liña de demarcación.
  - b) Será penalizado con (-10 puntos) aquel participante que efectúe un disparo sobre peza pasada.
- 6.- Será penalizado (-30 puntos) aquel participante que durante o traxecto entre zonas porte as frechas montadas no arco.
- 7.- Será descalificado aquel participante que porte material que non cumpra as condicións descritas neste Regulamento:
  - **(-10 puntos)** por portar frechas non identificadas segundo se sinala no mesmo.
  - **(-10 puntos)** por portar frechas con puntas de caza que non cumpran os requisitos establecidos neste Regulamento.
- 8.- Será penalizado con **(-10 puntos)** cada vez que o participante durante a competición mantivese contacto con persoas do público que presenza a proba, en especial, polo uso de aparellos de telefonía ou de calquera outro medio de comunicación sen o consentimento do Xuíz de zona.
- 9.- Penalizarase con **(-30 puntos)** cada vez que un participante refusara unha zona, de acordo co establecido no Art. 8.9 deste Regulamento.
- 10.- Será penalizado con **(-10 puntos)** aquel participante que impacte nunha diana que represente especies da Fauna Ibérica que contén con algún grado de protección, estean estas na traxectoria ou non doutras dianas impactables. Esta penalización non será aplicable en situacións de DESCASTE.
- 11.- Será penalizado con **(-30 puntos)** aquel participante que impacte nunha diana que represente especies da Fauna Ibérica que estean catalogadas "EN PERIGO DE EXTINCIÓN". Esta penalización non será aplicable en situacións de DESCASTE.
- 12.- No caso de que a infracción cometida puidese dar lugar á aplicación de máis dunha penalización, aplicarase unicamente a máxima posible salvo no caso en que Xuíz de zona aprecie claramente engano ou mala fe por parte do participante.

## 9.- DESCUALIFICACIÓNS

Serán motivos de descalificación e conseguinte abandono da proba:

1. Non portar consigo durante a competición a documentación esixida nos apartados a), b), c) e d) do Art. 5 deste Regulamento.
2. Usar calquera tipo de material que lle facilite o cálculo de distancias.
3. Portar ou usar outro tipo de frechas e puntas das apuntadas neste Regulamento ou pretendese realizar o/os exercicios con frechas con cola tipo *flu-flu* cando a letra da proposta non o contemplese.
4. Portar ou usar arcos que non cumpran cos requisitos contemplados neste Regulamento.



5. Disparar sobre pezas de caza ou animais salvaxes, domésticos ou calquera clase de obxecto non autorizado.
6. Manter conduta perigosa para si mesmo ou para os demais ou que incorrera nunha falta de seguridade grave.
7. Manter contacto de calquera tipo e por calquera medio con persoas do público que presenza a proba, cando o participante fose advertido e penalizado polo Xuíz de Zona previamente.
8. Consumir calquera tipo de bebidas alcohólicas durante a competición.
9. Abandonar a patrulla sen causa xustificada e coñecida polo Xuíz da Zona aínda cando intentase integrarse a ela con posterioridade

#### **10.- INTERRUPCIÓNS**

1. O Xuíz de Zona poderá interromper o desenvolvemento da quenda de competición:
  - Se a conduta do participante é perigosa, para si mesmo, os demais ou incorre en falta de seguridade.
  - O Xuíz de Zona poderá interromper o desenvolvemento da quenda de competición cando o participante amosase actitude antideportiva.
2. Si se dese o caso contemplado nos parágrafos precedentes, o Xuíz de Zona avisará de inmediato ao Delegado Técnico quen descualificará ao participante, que deberá abandonar a proba.
3. Tanto o Xuíz da Zona como o Delegado Técnico presentarán informe por escrito ao Director da proba quen dará traslado do mesmo á Federación Galega de Caza.
4. O Xuíz de Zona poderá interromper o desenvolvemento da quenda de competición cando concorran circunstancias que poidan poñer en perigo a seguridade de persoas ou animais, alleos á mesma, que sen obedecer os dispositivos empregados ao efecto, invadan a zona onde se desenvolve a proba.
5. En caso de catástrofe natural ou condicións atmosféricas adversas que impidan o normal desenvolvemento da competición, o Delegado Técnico poderá interromper a mesma e ata chegar a suspendela de acordo co Xurado e o Director da Proba.

#### **11.- CLASIFICACIÓN E TÍTULOS**

1. A orde clasificatoria estará determinada polo total de puntos conseguidos por cada participante segundo reflita a súa Tarxeta de puntuación.
2. Para o Campionato Galego, a orde clasificatoria entenderase contemplando as categorías e clases de arco establecidas.
3. En caso de empate na clasificación entre dúas ou máis participantes, dentro da mesma categoría e clase de arco, a orde establecerase polo número de impactos puntuados con (10 puntos). Si persistise o empate, contabilizarase o número de impactos puntuados con (7 puntos). Si aínda continuase o empate, contemplásenos os tempos de penalización empregados por cada participante. En caso de seguir empatados, a Organización determinará o sistema a seguir para chegar ao desempate.
5. O participante clasificado en primeiro lugar de cada categoría e clase de arco establecidas no Campionato Galego será proclamado Campión Galego segundo a categoría e clase de arco á que pertenza ata a celebración do próximo campionato Galego.
6. Aos Campións Galegos, segundos e terceiros clasificados segundo as categorías e clase de arco establecidas faráselles entrega do trofeo ou premio correspondente, a designar pola Federación Galega de Caza.

#### **ANEXO Nº 1.- DIANAS "NON IMPACTABLES"**

En calquera Proposta poderán aparecer dianas "non impactables", é dicir, dianas que situadas entre as outras, interfiran parcialmente as traxectorias de tiro ou que non estean contempladas dentro da letra da Proposta ou simplemente, que contribúan a producir indecisión no participante sobre se procede ou non o impacto nas mesmas.

Estas dianas poderán estar sinaladas cunha "X" de cor branca ou amarela, se todas as dianas do exercicio son iguais, ou ben diferenciándoas por algún matiz que o participante ha de coñecer antes do comezo do exercicio. Estes matices estarán encamiñados a distinguir machos de femias, especies, tipos de fauna, animais sans ou defectuosos, etc.

Serán consideradas non impactables, á marxe de que a Organización da proba poida incluír outras dentro das normas reguladoras de cada ano:

1. Todas aquelas dianas impactadas e as disparadas que non fosen impactadas.
2. As situadas a máis de trinta (30) metros do posto ou liña de tiro ou fóra da zona de caza.
3. As situadas a menos de 5 metros do participante cando efectúe o disparo en situacións de axexo.

6. As dianas que sexan diferenciadas pola letra ou texto da Proposta.
7. Todas aquelas dianas de especies da Fauna Ibérica que teñan algún grado de protección ou estean catalogadas en perigo de extinción a nivel nacional. Esta excepción non será aplicable en situacións de DESCASTE.
8. Si a Proposta non especifica diferenza entre sexos, serán consideradas "non impactables" aquelas dianas de caza maior que non presenten "apéndices" propios dos machos, é dicir, as femias.

## ANEXO Nº 2.- DIANAS IMPACTABLES

Deberanse considerar impactables:

- a) As dianas que representen especies pertencentes á Fauna Ibérica ou a outras que catalogadas ou non como "de caza" estean acorde coa letra ou texto da Proposta, coa única salvidade daquelas de Fauna Ibérica que gocen dalgún grado de protección a nivel nacional ou as catalogadas, a nivel nacional, en perigo de extinción (Esta excepción non será aplicable en situacións de DESCASTE).
- b) Cando a proposta indique fauna ibérica, entenderase que todas as dianas presentes serán e rexeranse pola normativa española.
- c) Si a proposta fose catalogada como fauna do mundo, entenderase que ningunha delas pertence a fauna ibérica, non acolléndose á protección española.

## REGULAMENTO DE RECECHOS 3D CON ARCO

A finalidade dos Campionatos recechos 3D con Arco é a de promover e valorar o espírito deportivo do participante, cazador ou non, as súas calidades, así como a habilidade no manexo do arco, mediante unha competición de alto nivel que poña de manifesto os aspectos técnicos da caza, e que aspire á mellora dos participantes, cazadores ou non, respectando a natureza e a súa contorna.

As probas dos campionatos rexeranse polas normas contidas neste Regulamento.

Na convocatoria anual a Federación Galega de Caza poderá emitir normas técnicas ou de organización complementarias.

Convocadas as probas, non poderán ser alteradas as bases das mesmas, para o Campionato a que se refiran.

A Federación Galega de Caza será o único organismo competente para resolver cuantos incidentes xurdan nestes campionatos.

A tal fin, poderá auxiliarse da Comisión Técnica correspondente.

Este campionato organizarase pola Federación Galega de Caza, o campionato galego será de participación libre.

Nas competicións haberá un (1) xuíz principal nomeado pola Federación Galega de Caza que será o responsable da proba.

O primeiro clasificado ostentará o título de Campión Galego desde a data desta proba ata o seguinte Campionato Galego que se celebre, onde poderá defender o seu título.

### 1.- ESPECIFICACIONES DE MATERIAL

#### - DOS ARCOS

a) Consideraranse regulamentarios: Todos os tipos de arcos de caza de poleas; os arcos longos (long bow) ou recurvados cuxo compoñente principal sexa a madeira e os recurvados de aleación de aluminio, carbono, etc (aínda cando poidan levar incrustados motivos ou adornos doutro material).

b) Establécense como potencias mínimas:

- 45 libras (20,45 kg) para os participantes da categoría senior homes.
- 35 libras (15,91 kg) para os participantes da categoría senior damas.
- 30 libras (13,64 kg) para os participantes da categoría júnior damas.
- 35 libras (15,91 kg) para os participantes da categoría júnior homes.
- Non se observará potencia mínima para os participantes da categoría de cadetes e veteranos.

c) A potencia do arco medirase á apertura do arqueiro. A precisión do dinamómetro será estimada en  $\leq$  2 libras.

d) O proceso de apertura do arco debe de realizarse manualmente, o participante poderá estar asistido unicamente de disparador para levalo a efecto.

e) Considerarase regulamentario a utilización de elementos de puntería con excepción daqueles que utilicen láser, ou calquera outro que axude ao cálculo da distancia artificialmente.

f) Os arcos asistidos poderán portar elementos estabilizadores mimetizados, que non excederán en ningún caso de 30 cm. de lonxitude.

#### - DAS FRECHAS

Está permitida a competición con frechas de calquera tipo de material. O participante portará as frechas que sexan necesarias para levar a cabo a competición.

As frechas deberán estar identificadas co D.N.I. ou nome e club do participante. A marcaxe será realizada no tubo

#### 2.- DESENROLO DA PROBA

A competición consiste en realizar un percorrido completando un total de 20 propostas que simulan o mais real posible, lances de recechos de caza sobre dianas 3D que o participante ten que resolver coas indicacións de cada zona.

- Cada arqueiro disparara dúas frechas por diana ou unha a cada unha se son dúas dianas, desde a zona de tiro, se o indica a proposta. As dúas puntuán igual, calquera parte da frecha impactada deberá cortar totalmente a liña da puntuación, ou o que é o mesmo, tocar a parte interior da diana para que poida sumar a de maior puntuación.

- Nas propostas tiraran todos de un nun e puntuaran todos xuntos ao terminar, en caso de dúbidas os integrantes o solucionarán antes de seguir á seguinte, e se non fose posible chegar a un consenso antes de tocar as frechas, solicitarán a asistencia do xuíz que resolverá a situación.

- O participante terá 1 minuto para resolver as propostas sexan desde a posición de tiro ou desde a zona de inicio de tempo, segundo indique a proposta. O tempo o iniciara o arqueiro e o pararan os integrantes da patrulla.

- Todos os participantes tiraran desde as mesmas posicións, pero os menores terán a súa propia zona de tiro (circulo azul) cando a diana este a mais de 30 metros, se por orografía non puidesen ter o seu propio posto tiraran de posto vermello, sen ser penalizados se impactan noutra diana.

- As distancias de tiro serán de 0 a 50 metros, a partir de 40 estarán indicados na zona de espera, tamén alí estará sinalizado con foto ou lenda a diana/ s sobre a que se ten que recechar, e se son unha ou dúas as zonas de tiro.

- As zonas de tiro serán postos fixos que estarán marcados no chan de cor vermella, círculos que serán visibles desde a zona de espera ou desde a zona de comezo de tempo se a houbese. Só pódese enflechar e tirar desde o seu interior

- Se son dúas zonas de tiro, despois de tirar nunha non se pode montar a frecha ata estar dentro da outra.

- As zonas de comezo de tempo serán un cadrado sinalizado no chan con cinta de calquera cor excepto vermello ou azul, visible desde a zona de espera e estando nel, o participante dará a saída cronometrada cara á zona de tiro. Como mínimo cada circuito terá 7 propostas con zona de comezo de tempo

- O circuito terá como mínimo, 1 diana móbil, nesta tirátese de dúas en dúas cambiando a súa posición de tiro e se empezará a proposta coa frecha posta e o arco destensado

- Ao chegar a unha nova zona de espera, se non é visible a diana/ s, un integrante da patrulla se adiantará á zona de tiro para comprobar que este libre e volverá á zona de espera cando este tirando o primeiro participante, será o último en tirar, iranse rotando nese labor todos os integrantes, menos os menores de idade.

- A planificación dos diferentes exercicios correrá a cargo da organización da proba, que en todo momento tratará de que os exercicios sexan áxiles, divertidos e veraces. O Director da proba supervisará con antelación suficiente que se cumpran os condicionantes mencionados.

- Habilitarase unha "zona fría" retirada das demais zonas onde os participantes poderán facer prácticas de tiro, quecemento e todas aquelas operacións que cos seus arcos estimen oportunas tendo en conta as regulacións que para o material quedan establecidas neste Regulamento.

- A Organización mostrará ao Delegado Técnico ou ao xuíz que dará o seu visto e praxe, cada unha das Propostas establecidas

Formadas as patrullas, distribuiranse polas distintas Zonas, iniciándose a proba ao unísono. Unha vez que os compoñentes de cada Patrulla finalicen a Zona, pasarán á outra que se atope libre. A patrulla finalizará a competición cando todos os seus compoñentes completen a totalidade das Propostas.

- Nos Campionatos onde participen varios membros dun mesmo Club, poderán nomear un único representante como interlocutor entre eles e a Organización para posibles reclamacións.

#### 3.- INSCRICIÓN

Ao formalizar a inscrición, o participante recibirá un dorsal e a tarxeta de puntuación na que anotará os resultados de cada exercicio realizado que portará e custodiará ata a súa entrega.

#### 4.- PATRULLAS

As patrullas compoñeranse de 4 participantes para dar axilidade á competición, se hai algún menor irá cos seus titores se estes participan, e este será o último en tirar para que avance á súa zona de tiro onde fose necesario

Os compoñentes de cada Patrulla terán que realizar xuntos a totalidade das Zonas salvo que por necesidade de asistencia técnica ou médica algún participante teña que abandonar momentaneamente. Neste caso, estará acompañado en todo momento por un Xuíz reserva ou un membro da Organización.

## 5.- As PROPOSTAS

As distancias de tiro serán de 0 a 50 metros, a partir de 40 estarán indicados na zona de espera

Cando se trate de disparar a dianas en movemento, a posición de partida será forzosamente co arco en posición de descanso, frecha montada e a corda sen tensar.

En todo momento da competición, o participante deberá levar consigo a documentación necesaria e requirida por este Regulamento. Así mesmo, o seu dorsal deberá estar visible mentres dure a proba.

As frechas deberán estar sempre protexidas dentro do carcaj e o concursante deberá portar as suficientes para terminar a Competición.

- Consideraranse disparada a frecha que salga do arco unha vez colocada nel para o disparo e perda o contacto co mesmo e co arqueiro.

Non se considerará disparada a frecha que voluntariamente sexa apartada polo participante que observe na mesma algunha anomalía, sempre que o indique ao Xuíz de Zona.

- Cando durante o exercicio se producese a rotura do arco ou dalgún dos seus compoñentes, o participante deixará a zona, acompañado por un Xuíz de reserva ou un membro da Organización e dispoñerá dun tempo de 30 minutos para a súa posible reparación, podendo reincorporarse á zona de espera dos participantes que completaron o exercicio sexan ou non da súa Patrulla, en calquera momento dentro dese tempo. A puntuación obtida na zona será a suma dos puntos logrados ata a retirada. Transcorrido o tempo indicado sen presentarse ao Xuíz de Zona, este comunicará ao Delegado Técnico a circunstancia dando por finalizada a súa participación no Campionato cos puntos obtidos ata ese momento.

Se un participante necesita reincorporarse á súa patrulla por causa de asistencia médica ou o previsto no punto anterior e se produce nunha Patrulla distinta, ha de alcanzar á súa para o que os Xuíces das distintas zonas facilitaránlle o adianto da súa participación con respecto aos que estivesen a esperar quenda.

- Ningún participante poderá rexeitar unha Zona. É dicir, negarse a comezar o exercicio da mesma ou non finalizalo unha vez comezado, mostrando unha actitude manifestamente antideportiva de non desexar resolvelo con obxecto de non ser penalizado por disparos difíceis ou calquera outro motivo, non mostrando o comportamento deportivo esperado. Se durante o exercicio, unha diana cae ao chan antes de que a frecha disparada a alcance, o participante terá dereito a repetir o exercicio completo.
- Se unha diana cae ao chan e a frecha ou frechas cravadas despréndense e non se pode determinar os puntos de impacto, procederase de igual maneira que no punto anterior.
- Está prohibido o uso de móbiles sen autorización durante a competición.

## 6.- PUNTUACIÓN

A puntuación de tiro será a suma aritmética dos puntos reflectidos polo impacto das frechas que queden cravadas nas dianas ademais das bonificacións ou penalizacións que puidese obter ou incorrer o participante en cada exercicio.

- 10 puntos para a zona máis pequena na área do corazón. (Algunhas dianas poden presentar dous círculos concéntricos nesta área, ambos considerados como zona de corazón).
- 7 puntos para a zona contigua que rodea a anterior - área de pulmón -.
- 3 puntos para o resto do animal.

Nas dianas 3D que presenten zonas de puntuación en costado, costas e/ou peito, só será considerado o impacto en zona de puntuación que estea claramente en dirección á posición do arqueiro. zona ou posto de tiro.

## 7.- PENALIZACIONES

1-O tempo será tomado e parado polos integrantes da patrulla, se o participante solta a frecha despois de dar por finalizado o tempo anúlase se é posible saber cal foi, se non se lle descontará a de mais valor.

- 2- Será penalizada con (-10 puntos) a frecha impactada nunha diana non impactable
- 3.- Será penalizado con (-10 puntos) cada vez que saque unha frecha do carcaj fóra dos lugares permitidos.
- 4-Tirar cun pé fóra da zona de tiro supón puntuar 0,0
- 5-Tensar o arco no traxecto antes de entrar á zona de tiro e dar pasos co aberto supón -50 puntos , a primeira vez e descualifícalo a segunda, polo perigo que supón para el e para os demais.
- Cada vez que un participante saque do carcaj unha frecha antes de estar na zona de tiro será penalizado con -5 puntos.
- 6.- Será penalizado con (-10 puntos) aquel participante que traspasase a liña, posto ou delimitación da zona de tiro ou de caza.
- 7.- Será penalizado (-30 puntos) aquel participante que durante o traxecto entre zonas porte as frechas montadas no arco.
- 8.- Será descualificado aquel participante que porte material que non cumpra as condicións descritas neste Regulamento:
  - (-10 puntos) por portar frechas non identificadas segundo sinálase no mesmo.

## 8.- DESCUALIFICACIONES

Serán motivos de descualificación e consecuente abandono da proba:

1. Non portar consigo durante a competición a documentación seguinte:
  - a) Tarxeta Federativa da Federación Galega de Caza,
  - b) Seguro por danos propios e responsabilidade civil obrigatoria.
  - b) Estar sancionado ou expedientado no momento da proba.
  - c) Non Participar representando a un club federado.
2. Usar calquera tipo de material que lle facilite o cálculo de distancias.
3. Portar ou usar arcos que non cumpran cos requisitos contemplados neste Regulamento.
4. Manter conduta perigosa para si mesmo ou para os demais ou que incorrera nunha falta de seguridade grave.
5. Consumir calquera tipo de bebidas alcohólicas durante a competición.

## 9.- INTERRUPCIONES

1. O Xuíz de Zona poderá interromper o desenvolvemento da quenda de competición:
  - Se a conduta do participante é perigosa, para si mesmo, os demais ou incorre en falta de seguridade.
  - O Xuíz poderá interromper o desenvolvemento da quenda de competición cando o participante mostrase actitude antideportiva.
2. De darse o caso contemplado nos parágrafos precedentes, o Xuíz avisará de inmediato ao Delegado Técnico quen descualificará ao participante, que deberá abandonar a proba.
3. Tanto o Xuíz d como o Delegado Técnico presentarán informe por escrito ao Director da proba quen dará traslado do mesmo á Federación Galega de Caza.
4. O Xuíz poderá interromper o desenvolvemento da quenda de competición cando concorran circunstancias que poidan poñer en perigo a seguridade de persoas ou animais, alleos á mesma, que sen obedecer os dispositivos empregados para o efecto, invadan a zona onde se desenvolve a proba.
5. En caso de catástrofe natural ou condicións atmosféricas adversas que impidan o normal desenvolvemento da competición, o Delegado Técnico poderá interromper a mesma e ata chegar a suspendela de acordo co Xurado e o Director da Proba.

## 10.- CLASIFICACIÓN E TÍTULOS

1. A orde clasificatoria estará determinada polo total de puntos conseguidos por cada participante segundo #reflectir a súa Tarxeta de puntuación.
2. Para o Campionato Galego, a orde clasificatoria entenderase contemplando as categorías e clases de arco establecidas.
3. En caso de empate na clasificación entre dous ou máis participantes, dentro da mesma categoría e clase de arco, a orde establecerase polo número de impactos puntuados con (10 puntos). De persistir o empate, contabilizarase o número de impactos puntuados con 7 puntos. Si aínda continuase o empate, contempláranse os tempos de penalización empregados por cada participante. En caso de seguir empatados, a Organización determinará o sistema a seguir para chegar ao desempate.
4. O participante clasificado en primeiro lugar de cada categoría e clase de arco establecido no Campionato Galego será proclamado Campión Galego segundo a categoría e clase de arco á que pertenza ata a celebración do próximo campionato Galego.
5. Aos Campións Galegos, segundos e terceiros clasificados segundo as categorías e clase de arco establecidas faráselles entrega do trofeo ou premio correspondente, a designar pola Federación Galega de Caza.

#### **ANEXO Nº 1.- DIANAS “NON IMPACTABLES”**

En calquera Proposta poderán aparecer dianas “non impactables”, é dicir, dianas que situadas entre as outras ou próximas e que poidan interferir parcialmente as traxectorias de tiro e que non estean contempladas dentro da Proposta ou simplemente, que contribúan a producir indecisión no participante sobre se procede ou non o impacto nas mesmas.

O presente Regulamento foi aprobado pola Asemblea, celebrada en Santiago de Compostela o 25 de xuño de 2021